UniversidadeVigo

MEET_Uvigo: *Un programa con futuro*

Que é o MEET_Uvigo?

O MEET-Uvigo é un programa de mentoría onde o alumnado dos últimos cursos exerce de mentor co alumnado de primeiro ano. Ao longo dun ano académico o mentor/a axuda ao novo/a estudante a incorporarse ao mundo universitario.

Unha vez acadada esta primeira finalidade, a de mentorización, o MEET-Uvigo ponse como meta mellorar a incorporación do alumnado mentor no mercado laboral.

Que formación recibe un mentor/a?

O/a mentor para desenvolver o seu labor recibe unha formación intensiva de 84 horas sobre as seguintes competencias transversais:

- Competencias de titorización: mentoría.
- Competencias intrapersoais: autocoñecemento, xestión emocional e intelixencia emocional.
- Competencias interpersoais: liderado, traballo en equipo, intelixencia social e motivación e comunicación.
- Competencias instrumentais: métodos e xestión do tempo.

En que consiste a labor do mentor/a?

Durante un ano académico o mentor/a é responsable dunha equipa de aproximadamente 5 novos/as estudantes. Nas sesións de mentoría, que supoñen 41,5 horas, axuda a que o alumnado desenvolva as competencias necesarias para afrontar os desafíos de estudar unha carreira.

O mentor/a mellora en capacidades como as relacionadas coa xestión, responsabilidade, implicación, autonomía, aprende a solucionar conflitos, amosa motivación ou creatividade.

A aplicación das competencias transversais fai que o mentor/a teña unha vagaxe en consonancia cos requerimentos do mercado laboral.



O programa crece

No ano académico 2018-19 participan sete graos e cada ano vanse incorporando novas titulacións.

Que títulos cooperan?

- E. de Tecnoloxías da Telecomunicación.
- Linguas Estranxeiras.
- E. de Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- Enxeñaría da Enerxía.
- Química.
- Economía.
- Ciencias do Mar.

A Universidade de Vigo respalda

O proxecto está apoiado pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria; e a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.

O profesorado involúcrase

No programa MEET-Uvigo colaboran voluntariamente 22 docentes de diferentes áreas de coñecemento que recibiron unha formación especializada en soft skills.

O número de profesores/as irá crecendo para ir atendendo ás necesidades do proxecto.

A súa empresa no MEET_Uvigo

Beneficios para a empresa

O principal beneficio é que a súa empresa entra en contacto con alumnado altamente capacitado en competencias profesionais e transversais que en breve se incorporará ao mundo laboral.

Como pode participar a empresa?

Axudando na formación dos mentores/as.

Colaborando no programa con outras aportacións:

- Visitas.
- Obradoiros.
- Conferencias.
- ...

Con quen contacto?

Para concertar unha reunión póñase en contacto coa:
Área de Formación e Innovación Educativa
innovacion.educativa@uvigo.es
986 812 035

MET UVigo

Un programa con futuro

Universidade Vigo

Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria

Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado